

PEZA DO MES

decembro

2000



ADORACIÓN DOS PASTORES

ALONSO MARTÍNEZ DE MONTÁNCHÉZ.

1605-1608.

Relevo en madeira de nogueira branca.

61 x 50 cm.

Taboleiro procedente do coro do mosteiro de Montederramo (Ourense).

Depósito familia Martínez - Risco.

É UN DOS TABOLEIROS MELLOR CONSERVADO E DOS MÁIS FERMOSES DO CONXUNTO CORAL. A COMPOSICIÓN TRASMITE UNHA SEREA ACTITUDE DE RECOLLEMENTO E AÍNDA QUE OFRECE RASGOS ARCAIZANTES NA SÚA ICONOGRAFÍA, ACUSA BEN NO SEU TRATAMENTO O MOMENTO NO QUE FOI EXECUTADO.



VISTA DO CADEIRADO CORAL DE SANTA MARÍA DE MONTEDERRAMO. 1987

ADORACIÓN DOS PASTORES

O cadeirado coral do mosteiro de Santa María de Montederramo (Ourense) constitúe un dos conxuntos escultóricos máis complexos do Renacemento e a obra cimeira do escultor portugués ALONSO MARTÍNEZ DE MONTÁNCHÉZ, nacido en Chaves, que se asentará en Ourense, onde permanece activo e con obradoiro dende 1594 ata 1615.

Alonso Martínez vai ser unha personalidade de excepcional importancia dentro do ámbito do manierismo ecléctico que reina no panorama artístico galego no tránsito entre os séculos XVI e XVII, aínda que a súa figura permaneceu ata hai pouco eclipsada pola maior categoría artística do que sería o seu principal discípulo, Francisco de Moure.

Baixo as súas directrices, unha nutrida nómina de entalladores levará a cabo a obra coral entre os anos 1605 e 1608. Realizada en madeira de nogueira branca, componse de dúas ordes de asentos que trazan unha austera arquitectura de tendencia clasicista. Tanto o cadeirado baixo como o alto quedaron sen decorar por motivos que se descoñecen. Deste xeito, os únicos taboleiros que chegaron a ser

tallados foron os do remate ou beirado, distribuíndose dezaioito en cada brazo lonxitudinal e cinco máis a cada lado da cadeira abacial na cabeceira, enmarcados por columnas de orde composta e cubertos por frontóns triangulares.

O coro, tristemente expoliado trala desamortización, perdeu boa parte dos seus relevos historiados, o que dificulta notablemente o seguimento da súa secuencia iconográfica. Na actualidade, consérvanse dezanove dos seus taboleiros no propio mosteiro, outros doce no Museo Provincial de Ourense -tres deles como depósito- e algúns máis en mans de particulares, ata completar un total de trinta e tres, dos corenta e sete dos que se compuña en orixe.

Nos últimos anos estase a levar a cabo no Mosteiro un importante labor de restauración que inclúe o seu coro e que pretende a recuperación para o goce público dunha das pezas senlleiras do noso patrimonio escultórico.

O programa iconográfico desenvolvido no conxunto céntrase ó redor da idea da Redención, establecendo un sistema de concordancias ou paralelismos entre os dous Testamentos, de tal xeito que as escenas do Antigo Testamento, situadas no lado norte ou do Evanxeo, pódense considerar, nalgúns casos, como prefiguracións das pasaxes que relativas á Vida e Paixón de Cristo ocupan o lado oposto, seguindo para a súa plasmación o Evanxeo de San Lucas. A este lado sur pertencen-

cen a maioría das táboas que garda o Museo ourensán.

A magnitude da obra levou ao escultor a buscar variadas fontes de inspiración entre as que destacan as impresas, en especial os gravados de Durero, que circulaban daquela abundantemente por toda Europa. Por outra parte, a súa obra ofrece unha estreita vinculación co manierismo de Gaspar Becerra ou co máis próximo de Angés que deixa a súa impronta no forzado das posturas, na amplitude das formas ou no tipo de relevo aplastado. Sen embargo, a personalidade propia de Alonso Martínez faise sentir con forza na utilización dun canon estilizado, no suave liñamento dos panos ou na morbidez das formas, deixando entrever unha preocupación por captar rasgos definitorios de carácter naturalista, así como unha búsqueda de composicións en liñas abertas que preludian a linguaxe barroca e que supoñen os rasgos principais da súa estética.

troncos, no que voa un anxelote portando unha filacteria.

Como centro simbólico da composición aparece a imaxe do Neno espido, deitado sobre un pesebre cuberto de feo, que o circunda como unha aureola. Á súa beira dispóñense a súa Nai, María, axeonllada- postura relacionada coa integridade física de María como Virxe e o seu pai putativo, San Xosé de pé, ó lado esquerdo. Á dereita, reproducindo similares posturas, represéntanse os dous pastores, nunha composición habilmente contrapesada. Tódalas figuras reflicten unha serea actitude de adoración e recollemento ante a presenza do recém nado.

Como sinala a profesora Vila Jato –máxima estudosa do conxunto coral–, o relevo ofrece rasgos arcaizantes na súa iconografía pois nos anos da súa realización xa o habitual era



VISTA XERAL DO MOSTEIRO

O taboleiro da Adoración dos Pastores, un dos máis fermosos e mellor conservados do conxunto, ocuparía na súa posición orixinal no cadeirado o cuarto espazo do lado da Epístola.

O tema aparece sempre intimamente vinculado ao do Nacemento dentro do ciclo navideño. Como no resto das tallas conservadas, a ambientación da escena é moi sinxela e o número de planos moi limitado, concentrando os elementos no primeiro termo. Nesta ocasión, o escenario no que se desenvolve a acción é unha corte, sumariamente representada por un pequeno tellado de colmo que apoia sobre dous

escena animada con multitude de personaxes ofrecendo presentes ó Neno, que se representaba vestido. Así mesmo, as figuras do asno e o boi, que aparecen aquí case ocultas, asomando á penas as súas cabezas, foran xa desbotadas a partir do Concilio de Trento, ó igual que xa antes a candeia acesa que porta San Xosé. No seu tratamento, sen embargo, acúsase ben o momento en que foi executado. Os panos, brandos e movidos, a base de amplos pregos que describen ritmos serpenteantes, subliñan a anatomía, facéndose patente o influxo de Angés, especialmente na figura de San Xosé.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

Presentación o 2º sábado de cada mes ás 12:00 h. e ás 19:00 h.

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-165-2000



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

